

A Fundación Vigo en Deporte está constituída, na actualidade, polas entidades Concello de Vigo e PSA Group membros fundadores desta organización de natureza fundacional, recoñecida de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

A Fundación VIDE foi declarada pola Orde do 4 de febreiro de 2002 coma entidade de interese galego con rexistro no Protectorado da Xunta de Galicia, este é, o “Servizo de Rexistro e Asesoramento de Entidades Corporativas e de Dereito Privado da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza”.

- *Fins fundacionais*

A Fundación VIDE naceu polas necesidades sociais ante o incremento do tecido deportivo e de eventos de envergadura da cidade de Vigo.

Os seus obxectivos iniciais e que mantemos no tempo son:

“O fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e ao resto da sociedade en xeral” (art.6 dos Estatutos Fundacionais).

- *Destinatarios*

A Fundación Vigo en Deporte ven desenrolando a súa actividade fundamentalmente mediante o apoio aos catro sectores deportivos que conforman a totalidade do deporte vigués:

- clubs de base
- clubs de elite
- deportistas individuais
- deporte popular

- *Órganos de goberno*

I. Padroado

É o máximo órgano de goberno da Fundación e está formado por dous membros de cada unha das entidades

Concello de Vigo: D. José Manuel Fernández Pérez (Presidente en funcións e Vicepresidente)

PSA Group: D. Frédéric Puech e Dña Pilar Iglesias Fernández.

Secretario: D. José Riesgo Boluda

II. Comité Executivo

Este órgano está integrado por un representante de cada entidade.

- *Liñas de actuación*

Dando cumprimento aos fins fundacionais, no ano 2016 materializáronse as accións xerais nas seguintes liñas ou programas de actuación:

A. XVII CAMPUS POLIDEPORTIVO

Dende o ano 2002 vense realizando este Campus Polideportivo. Durante estes dezasete anos mais de 3.500 rapaces e rapazas viguesas puideron gozar da oportunidade de achegarse á práctica dos deportes, dende a iniciación ata o perfeccionamento da man das mellores entidades deportivas da cidade: R.C. Celta Baloncesto, Vigo Voleibol, S.D. Academia Octavio, Traviesas Hóckey, Deportivo Xuvenil de Teis, Mosterio Bembrive F.S., AMFIV, Halcones de Beisbol, Badminton Rachaplumas, Ciclista Vigués e Vigo Rugby.

Obxectivos

O principal obxectivo é achegar aos rapaces e rapazas á realidade multideportiva da cidade enriquecendo o seu coñecemento e práctica deportiva, fomentando valores de convivencia e deportividade. Consecuentemente alcánzase un segundo obxectivo, e non por iso menos importante, o apoio ao deporte de base: debido ao grao de éxito do programa incrementase o número de inscritos nas escolas das entidades deportivas participantes, posto que moitos destes rapaces queren continuar coa práctica do deporte que empezaron a descubrir.

Destinatarios e horarios

Beneficiáronse deste programa todos aqueles rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 6 e 14 anos. Para unha mellor organización posteriormente divídense en grupos de idade diferenciados por cores.

As actividades realizáronse no Complexo Deportivo das Travesas, en xornada continua de 9h a 18 h, de luns a venres. No prezo incluímos un refrixerio a media mañá e un servizo de comidas para o xantar. Ademais dun seguro para tódolos/as participantes.

No ano 2016 as datas nas que se realizaron foron do 27 de xuño ao 1 de xullo, posto que na semana anterior os rapaces remataron o curso escolar.

Actividades

As actividades deportivas dirixidas por monitores profesionais son balonmán, baloncesto, voleibol, fútbol sala, hóckey a patíns, baloncesto en cadeira de rodas, béisbol, rugby, bádminton e ciclismo. Ase mesmo, as xornadas combínanse con actividades complementarias como piscina, e unha excursión ás Illas Cíes (mércores 29 de xuño). Ademais, todos os anos tentamos incluír outras actividades didácticas e lúdico-educativas, coma a charla de hixiene dental realizada por profesionais do sector.

O último día, todos os rapaces e rapazas recibiron un diploma de asistencia e sorteamos agasallos relacionados coa práctica do deporte, todo elo nunha festa de clausura onde tivemos as portas abertas para as familias e demais público.



B. XVI TORNEO INTERN. DE FÚTBOL BASE "VIGO CUP"

O Torneo Internacional de Fútbol Base "VIGO CUP" este ano cumpriu a súa decimo sexta edición. A Fundación VIDE traballou dende principios de ano na organización deste evento. Uns 3.300 nenos e nenas de entre os 6 e os 16 anos xogarán nos mellores campos do termo, apoiados por preto de 300 técnicos. En total oito categorías, seis para fútbol 7 (sub6, sub7, sub8, sub10, sub12, e damas) e dous para fútbol 11 (sub14 e sub16). Xogaron a fútbol pero tamén compartiron convivencias, xogo limpo e sobre todo diversión. Combinase deporte e ocio da mellor forma posible: cos mellores campos e coordinadores e coa paisaxe máis envexable, as Rías Baixas.

Datas

As datas do 2016 fóron dende o lúns 4 de xullo ata o domingo 10 de xullo.

Instalacións

Este ano a Vigo Cup celebrouse nos campos municipais: O Vao- Coruxo, Complexo Deportivo de Samil, A Pirucha - San Miguel de Oia, A Guía, Baltasar Pujales - Bouzas, Municipal Pahiño-Navia, As Relfas-Sárdoma, Complexo Deportivo Municipal das Travesas.

A clausura e finais se realizaron en dous días. O sábado día 9 nas instalacións de Samil as categorías superiores e o domingo de mañán nas instalacións do Vao coas categorías inferiores (sub7 e sub8) con medallas para tódolos/as pequenos/as.

Sistema de competición

O Torneo Internacional de Fútbol Base Vigo Cup rixese segundo as normas da FIFA e da Federación Española de Fútbol. Os equipos divídense en grupos de 4 ou 5, dependendo da inscrición. Nunha primeira fase enfrontáanse nunha liga a unha soa volta. Na segunda fase o 1º e 2º de cada grupo clasifícanse para a fase final, e o 3º e 4º de cada grupo xogan a serie de consolación. Esta segunda fase desenvólvese polo sistema de eliminación directa.

Transporte

Durante a competición todos os xogadores e equipo técnico poideron disfrutar do transporte urbano gratuíto coa empresa (VITRASA) amosando a súa credencial do Torneo, pois todos os campos onde se disputaron os encontros contan cunha liña de autobús próxima.

Actividades paralelas

Vigo é unha cidade diversa, chea de posibilidades que ofrece a todos os participantes, equipo técnico e acompañantes a oportunidade de coñecerla en esencia. É por iso que como tódolos anos puxemos á súa disposición diversas actividades gratúitas tales como visitas a VigoZoo e Museos (Castrelos, Arte contemporánea, Etnográfico Liste, e Arqueolóxico "Salinae"; e descontos en excursións as Illas Cies (Naviera Mar de Ons) e outras actividades lúdicas (Museo do Mar e La Nave del Painball).

Torneo de penaltis

Por noveno ano seguido celebrouse o torneo de penaltis que proporciona motivación aos rapaces e rapazas e exhibición aos asistentes. Cada equipo presenta un máximo de catro xogadores incluído o porteiro. Unha empresa colaboradora aporta agasallos para os vencedores.



C. PROGRAMA SIAREIROS

Un dos motivos principais do nacemento da Fundación foi a creación do programa Siareiros. Nunha cidade como Vigo onde a práctica deportiva está completamente estendida son innumerables os clubs tanto de base como de elite que aportan o seu traballo, esforzo e experiencia a un sen fin de deportistas que gozan diariamente do deporte. Por iso a Fundación tenta xuntar esforzos para repartir as axudas en función do uso de instalacións deportivas municipais dos equipos de base e o número de siareiros acadados.

Obxectivos

- 1) Alentar ao deporte base da nosa cidade co fin de crear unha sociedade cimentada nos valores deportivos da honestidade, solidariedade e saúde.
- 2) Axudar aos equipos de Vigo a facerse un oco no máis alto do deporte nacional.
- 3) A posibilidade para os equipos de base de Vigo de poder adestrar nas instalacións municipais.

Carné Siareiro e base de datos

A Fundación crea este carné como instrumento de afiliación e recadación para os clubs. A través dun programa informático instalado na páxina web da Fundación, www.vide.es, os clubs introducen nunha base os datos dos/as afiliados/as ao seu club (siareiros). Posteriormente, a Fundación personaliza os carnés co nome, apelidos, número de siareiro, escudo do club, e engádesse un código de barras personalizado para un maior control na entrada dos eventos deportivos.

Existen dúas modalidades de carné:

A. Carné Siareiro Club

- Beneficios para os "clubs de base". Os clubs comprométese coa Fundación a vender este carné recadando para eles integramente o importe de 6 €. E reciben unha subvención segundo os siareiros acadados polo club na tempada e seguindo as bases marcados pola Fundación.
- Beneficios para os/as Siareiros: Participar en sorteos, promocións e gozar de descontos nos establecementos colaboradores da Fundación.

Formato carné Siareiros base ou club 2016/2017:



B. Abono Siareiro Elite

-Beneficios para os “clubs de elite”: Os clubs comprométense coa Fundación a vender este carné recadando para eles integramente os importes, seguintes:

Infantil (ata 12 anos):15€	Parado individual:50€
Xuvenil (ata 21 anos):40€	Familiar especial:90€
Universitario:40€	Individual senior: 95€
Xubilado:40€	Familiar(máx.5 persoas): 150€
Pensionista: 40€	Palco VIP individual:300 €
Pensionista (PNC): 30 €	Palco VIP dúo: 500 €

E reciben unha subvención segundo os siareiros acadados polo club na tempada e seguindo as bases marcados pola Fundación.

- Beneficios para os/as Siareiros: Asistir por unha única tarifa a todos os partidos dos clubs de elite da cidade durante toda a tempada; e participar en sorteos, promocións e gozar de descontos nos establecementos colaboradores da Fundación.

Formato carné Siareiros elite 2016/2017:



Os clubs participantes na Campaña Siareiros nesta tempada foron:

ACADEMIA OCTAVIO
A.D. CARBALLAL BALONMÁN
ALERTA NAVIA
ARENAS DE ALCABRE SCD
C.A.R.P.A.
C.B. SEIS DO NADAL-COIA
C.B.SAN JOSE DE LA GUIA
CIOS VIGO
CLUB DEPORTIVO AMFIV
CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS
CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA
CLUB BEMBRIVE MOSTEIRO F.S.
CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTIST.

CLUB CICLISTA VIGUÉS
CLUB DE LOITA SAN IGNACIO
CLUB DE LUCHA CIUDAD DE VIGO
CLUB DEPORTIVO A PAZ 03
CLUB DEPORTIVO BOSCO
CLUB D. FREESTYLE SLALOM VIGO
CLUB DEPORTIVO LUME F.S.
CLUB FLIC FLAC
CLUB PATIN VAGALUME
CLUB VIGO SQUASH
CLUB VIGO VOLEIBOL
C.N. VIGO-RIAS BAIXAS
CORUXO F.C.
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015

F.V.P.R. EL OLIVO
HALCONES DE VIGO BÉISBOL CLUB
HÓCKEY CLUB CIES
MANIOTAS
MOLEDO C.F.
NATACIÓN SINCRO. RÍAS BAIXAS
SÁRDOMA, C.F.
TRAVIESAS H.C.
UNION BALONMAN LAVADORES
UNIÓN F.S.
VIGO F.S.
VIGO ROLLER DERBY
VIGO RUGBY CLUB
XUVENIL TEIS DE VOLEIBOL

D. AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS

Obxeto

A finalidade desta partida é a concesión de axudas a deportistas vigueses e viguesas de base de modalidades individuais que, acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición.

Finalidade

Consolidar a progresión dos rendementos deportivos, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións, perfeccionamento e adquisición de material técnico durante a tempada .

Beneficiarios/as

Deportistas que participaron en competicións de ámbito estatal e internacional nados despois do 1 de xaneiro de 1993.

Contía

Cada unha das axudas concedidas contarán cunha dotación de 1.000 € brutos (incluídos impostos); cun total de 20 axudas. O total do orzamento para este programa é de 20.000 € anuais.

Criterios de Concesión e valoración

Consideraranse os méritos obtidos polos/as deportistas durante a tempada .

Tense en conta a modalidade deportiva de que se trate e as dificultades para acadar méritos na mesma.

Ademais, contemplase a posibilidade de que as becas concedidas sexan compartidas en dúos, tríos ou cuartetos.

Obrigas dos/das beneficiarios/as

1. Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.
2. Prestar a súa colaboración e imaxe cando así se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo.
3. Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas.

Procedemento

A Comisión de Valoración está integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación Vigo en Deporte.

Os/as beneficiarios/as das axudas no 2016 foron:


RUBÉN FERNÁNDEZ GARCÍA	MOTOCICLISMO
MARTA DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ	SQUASH
JOEL ANTÓN COSTAS	MOTOCICLISMO
CARMELA CARDAMA BÁEZ	ATLETISMO
BEATRIZ PARADA ENRÍQUEZ	TAEKWONDO
CARMEN ALONSO DE CASTRO	VELA
MARTÍN DE LA PUENTE RIOBÓ	TENIS
TOMÁS VIEITO COBIÁN	VELA
BELÉN GÓMEZ ROMERO	XIMNASIA
ALEXANDRE SIERRA FARIÑAS e UXÍA VERÍSIMO DÍAZ	XIMNASIA
ÁLVARO BLANCO GUEDE	REMO
ALBERTO LOUREIRO LÓPEZ	BOXEO
SAMUEL ALVES DOMÍNGUEZ e ANDREA VILAS MIRANDA	TAEKWONDO
ANTONIO SERRAT SEOANE	TRIATLÓN
IGNACIO VILARIÑO GESTOSO	PADEL
MARTA GARCÍA LLORCA	GOLF
AINZANE DAPENA GARCÍA	XIMNASIA
OLAIA GISELA BECERRIL ÁLVAREZ	ATLETISMO
GABRIEL GARCÍA ÁLVAREZ	TAEKWONDO
SARA VIEITEZ MARIÑO	LOITA E D.A.



Vinte e dous deportistas sub 23, once mulleres e outros tantos homes, recibiron de máns do Alcalde de Vigo, o 12 de decembro de 2016 polo serán, no salón de actos da Casa Galega da Cultura, unha axuda económica total de 20.000 euros da Fundación Vigo en Deporte (VIDE) polos seus éxitos deportivos na tempada 2015/16.

E. PROGRAMA DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN

- o Páxina web www.vide.es. Trátase dunha páxina web, áxil, dinámica e que permite unha boa información nos seus contidos.
- o Páxina no Diario Decano Faro de Vigo. Coma ven sendo habitual Faro de Vigo renovou a súa colaboración coa Fundación cedendo unha páxina todas as semanas (dende setembro a maio) onde se recollen noticias de actualidade, encontros e eventos deportivos, etc. chegando a un sen fin de persoas por ser un dos diarios de maior tiraxe. Ademais, Faro de Vigo implicase notablemente con publicacións diarias dos eventos mais importantes de VIDE (Vigo Cup, reparto de becas, Campus Polideportivo, Siareiros....).
- o Ademais, neste ano puxemos en marcha un novo proxecto que contará cunha base de fotografías, carteis, flyers, imaxés,... de tódolos tempos do deporte vigués. A finais de ano fíxose a inversión de tódolos programas e equipos informáticos necesarios para a súa posta en funcionamento.



memoria de actuación de actividades 2016

fundación vigo en deporte (vide)



F. PREMIOS VIDE

Todos os anos a Fundación VIDE concede estes recoñecementos no ámbito do fútbol. En cada nova edición recoñécese o labor do fútbol vigués, e tamén a súa proxección a nivel nacional, aplaudindo o traballo das entidades deportivas da cidade e recoñecendo que o fútbol. Na tempada 15/16 estes premios recaeron en:

Mellor promesa sub 21
Brais Méndez
R.C. Celta B

Mellor futbolista feminina
Noelia Pereira
Atlántida de Matamá

Mellor adestrador
José Ramón Val, "Chicho"
Atlántida de Matamá

Mellor directivo
Humberto Pérez
C.D. Areosa

Mellor árbitro
Alicia Andrés

Mellor patrocinador
Pablo Tojeiro / New Balance

Mellor entidade deportiva
Gran Peña F.C.

G. OUTROS PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DEPORTIVA

Dende o nacemento da Fundación VIDE se ven desenrolando a campaña de captación de voluntariado deportivo denominada "VOVI", é dicir, "Voluntario/a Vide", onde o obxectivo é a dinamización da actuación voluntaria no ámbito deportivo, na realización de actividades ou eventos deportivos que precisan da axuda da cidadanía.

En Vigo celébranse ao ano mais de 150 eventos deportivos, que van dende o mais alto nivel nacional, internacional e mundial, ata aqueles populares organizados nas parroquias da nosa cidade. De forma xeral, todos e cada un destes eventos e actividades deportivas, demandan unha colaboración para facer efectiva a súa organización, é dicir, solicitan os medios humanos de cara a colaborar en diversas áreas de organización. Estas actuacións en materia deportiva, pola súa tradición e repercusión, enxalzan cos principios universais de unión, amizade e participación de distintos pobos e culturas. É por iso que a Fundación participa coa súa cidade mediante o voluntariado deportivo como signo de solidariedade e cordialidade. Neste ámbito de traballo a actuación dos nosos VOVIS centrase cada ano en cubrir mais de vinte eventos deportivos propios ou externos a Fundación.

Outro dos proxectos de traballo da Fundación VIDE centrase na promoción do espazo dedicado dentro das nosas instalacións á Biblioteca Deportiva. Trátase dunha idea pioneira dentro do noso entorno, sendo a única Biblioteca especializada en deporte. A Biblioteca Deportiva da Fundación Vigo en Deporte (VIDE) iniciou a súa actividade o 9 de maio de 2003 poñendo a disposición do/a usuario/a máis de mil volumes de todo tipo en galego, castelán, portugués, italiano e inglés, pois VIDE adquiriu publicacións do Reino Unido, Italia e Portugal. A biblioteca, que posúe historias de clubs e/ou deportes, documentación técnica de diversas modalidades, enciclopedias de deportes ou dicionarios, é a máis importante que existe en Vigo. Adoita ser visitada fundamentalmente por técnicos, aínda que o seu acceso é libre e gratuito nos horarios da Fundación.

memoria de actuación de actividades 2016

fundación vigo en deporte (vide)



Existe na páxina web da Fundación un glosario para a consulta dos volúmenes existentes; así como, dous edicións en papel nas propias instalacións. Ademais, VIDE posúe soportes técnicos para consultar vídeos, CD Rom ou cassetes de diversos temas. Os libros son de consulta na propia sede de VIDE ou de préstamo gratuito, tanto de libros coma de material audiovisual.

E dispoñemos de publicacións deportivas periódicas (Vigo Deportivo, El Don del Gol, Agrupación Galicia Social, e publicacións de federacións e clubs), e prensa local diaria (Faro de Vigo e Atlántico Diario).

É importante a colaboración que mantemos coa Agrupación Deportiva Vigo entidade organizadora da competición "Vigo en Xogo". Esta competición conta cuns 3.000 participantes dende setembro a xuño nos deportes de fútbol sala, fútbol 7 e baloncesto.

A nosa axuda pasa pola cesión de espazo nas nosas oficinas, e apoio a organización a través de nosa web.

Ademais de coa familia deportiva, a Fundación Vigo en Deporte adoita colaborar co Concello de Vigo, pola a nosa estreita vinculación, nos programas levados a cabo principalmente, pola Concellería de Deportes ao longo de todo o ano (RunRun Vigo, Liga de Natación Escolar, Torneo de Nadal, Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca, Día Internacional da Muller, Carreira Popular San Silvestre 2016...).

FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE